
O grupo municipal do PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis) do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN SOLICITANDO O ACONDICIONAMENTO DA PISTA DA RIVA EN GODOS E O ALUMEADO DA ROTONDA DE SAN SIMÓN DE ACCESO O PORTO DE VILAGARCIA (N640)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Varios veciños xa fixeron chegar reiteradas queixas o equipo de Goberno municipal do lamentable estado da pista de acceso a Riba en Godos no seu cruce ca N640 a altura da Volta da Pedra, sin que a día de hoxe se teña feito absolutamente nada.

Nos reiteramos en diversos plenos municipais o requirimento de que se procedese a reparar este vieiro, especialmente no referido entronque ca N640, onde o estado é gravísimo, pero tamén no resto do vieiro ata o lugar de A Riba que se atopa moi deteriorado por las raíces das árbores e por o seu uso en xeral.

Este fin de semana puidemos comprobar de primeira man con varios veciños afectados que a situación actual é insostible, provocando danos os vehículos, problemas de seguridade na circulación pola N640 e que poden provocar un accidente en calquera momento, posto que o estar a pista en tal mal estado os vehículos que se desvía da N640 para entrar en este vieiro deben facelo a moi baixa velocidade polo seu lamentable estado e pode causar un percance por alcance en calquera momento.

Sabemos que unha parte do vieiro é de responsabilidade municipal pero outro é competencia do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e por elo tamén debemos requirir a este organismo que é o que tamén ten que responsabilizarse de que a rotonda de acceso o Porto de Vilagarcía no estea sen iluminación.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

PROPOSTA DE ACORDOS:**Instar ao Goberno Municipal de Caldas de Reis:**

A proceder maneira urxente a reparación en profundidade do vieiro municipal de acceso o lugar de A Riba, pero moi especialmente no seu cruce ca N640 a altura da Volta de Pedra, así como os vieiros de servizo paralelos a N640 dende o referido lugar ata o rego da Cadorra, instalando unha señal de ceda o paso cando estes vieiros de servizo desembocan a altura do referido punto de cruce na Volta da Pedra.

Instar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e a de Demarcación de Estradas de Galicia e de Pontevedra:

A que asuma a parte das referidas obras que son da súa competencia na zona da Volta da Pedra por ser zona de afección da N640, e a conceder os permisos oportunos, se fosen precisos para que o Concello poida realizar a parte que lle corresponde.

A que tome as medidas oportunas para recuperar o alumeadado da rotonda da N640 no entronque ca PO531, co acceso o Porto de Vilagarcía de Arousa e co trazado da N640A, e que indique que administracións son as responsables de asumir o coste do alumeadado.

